



INSTRUCCIÓN PARA A TOMA DE POSESIÓN DO PROFESORADO QUE OBTIVO UN DESTINO DEFINITIVO NOS CONCURSOS DE TRASLADOS CONVOCADOS POLAS ORDES DO 24 DE OUTUBRO DE 2017 E DO 3 DE NOVEMBRO DE 2017

Co fin de poder tramitar a súa toma de posesión e a súa alta en nómina, o profesorado que obtivo destino definitivo no concurso xeral de traslados convocado pola orde do 24 de outubro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 210, do 6 de novembro) ou no concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación, convocado pola Orde do 3 de novembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 216, do 14 de novembro) deberá remitir á xefatura territorial da provincia na que obtivo o novo destino, antes do 1 de setembro de 2018, a documentación que a continuación se indica:

PROFESORADO QUE CONCURSA DENTRO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

- Declaración responsable:

a) de non desempeñar outra actividade que poida incorrer en incompatibilidade (modelo I)

ou ben

b) no caso de realizar ou querer realizar outra actividade pública ou privada que requira recoñecemento ou autorización de compatibilidade pola Dirección Xeral de Función Pública, deberá asinar o modelo II e presentar unha nova solicitude de compatibilidade. Por tanto, xunto co modelo II achegará a copia da solicitude de compatibilidade e da renuncia ao complemento específico, de ser o caso.

- **Só no caso de variación de datos bancarios:** se o/a docente quere domiciliar a súa nómina nunha conta distinta cá que figura en <https://www.edu.xunta.es/datospersoais/> deberá modificala na citada aplicación, imprimir o modelo que consta nesta e logo presentalo co resto da documentación na xefatura territorial.

- **Só no caso de variación de datos con incidencia no IRPF:** Modelo 145 de retencións sobre rendementos de traballo, descargable no enderezo http://www.agenciatributaria.es/AEAT.internet/gl_es/Modelos_formularios/modelo_145.shtml. Será responsabilidade do persoal reflectir os datos que se axusten á realidade.

PROFESORADO PROCEDENTE DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS:

- **Declaración responsable (Modelo I ou modelo II segundo sexa a súa situación e de acordo co apartado anterior)**

- **Datos bancarios** para os efectos da domiciliación da nómina. Para isto deberá entrar na aplicación <https://www.edu.xunta.es/datospersoais/> e introducir os seus datos de conta bancaria, imprimir o modelo de petición e presentalo co resto da documentación.

- **Modelo 145 de retencións sobre rendementos de traballo**, descargable no enderezo http://www.agenciatributaria.es/AEAT.internet/gl_es/Modelos_formularios/modelo_145.shtml. Será responsabilidade do persoal reflectir os datos que se axusten á realidade.

- **Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social/MUFACE.**

IMPORTANTE: En todo caso, a documentación deberá estar asinada con data 1 de setembro de 2018.



Para calquera dúbida poden poñerse en contacto coa sección de profesorado da xefatura territorial correspondente a través do correo electrónico que se indica :

- A CORUÑA: persoal.secundaria.coruna@edu.xunta.es
persoal.primaria.coruna@edu.xunta.es
- LUGO: persoal.secundaria.lugo@edu.xunta.es
persoal.primaria.lugo@edu.xunta.es
- OURENSE: persoal.secundaria.ourense@edu.xunta.es
persoal.primaria.ourense@edu.xunta.es
- PONTEVEDRA: persoal.secundaria.pontevedra@edu.xunta.es
persoal.primaria.pontevedra@edu.xunta.es

Lémbrese que a través do enderezo www.edu.xunta.es/datospersoais poderá consultar e actualizar os seus datos persoais, relativos aos enderezos postal e de correo electrónico e aos números de teléfono de contacto.



MODELO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____
con DNI _____ e núm. da Seguridade Social/MUFACE
_____, maior de idade, con motivo da toma de posesión
dunha praza pertencente ao corpo de _____,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que non desempeño ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro e segundo da Lei 53/84, do 26 de decembro, e que non realizo ningunha actividade privada incompatible ou suxeita ao preceptivo recoñecemento de compatibilidade.
- Que non percibo pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos ou por calquera Réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.

En _____, 1 de setembro de 2018.

Asdo.: _____.



MODELO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____
con DNI _____ e núm. da Seguridade Social/MUFACE
_____, maior de idade, con motivo da toma de posesión
dunha praza pertencente ao corpo de _____,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que teño *solicitado* a autorización de compatibilidade para o exercicio doutras actividades á Consellería de Facenda ao abeiro da Lei 53/84, do 26 de decembro, con data--/--/---- .
- Que non percibo pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos ou por calquera Réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.

En _____, 1 de setembro de 2018.

Asdo.: _____.